

Informe da Directora Xunta de Escola, 14 de decembro de 2022

1 Sobre a composición da Xunta de Escola do curso 2022-2023

Infórmase que na sesión anterior indicouse de que se incorporaba á Xunta de Escola Antonio Fernández Otero. Posteriormente comprobouse que, aínda que figura adscrito á EME, ten o POD maioritario vinculado á docencia doutro centro, polo que non pode formar parte da Xunta de Escola da EME.

2 Actividades de representación

- 2 decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia
- 3 decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo Colexio de Enxeñeiros de Minas do NW (en adiante COIMNE).

3 Celebración de Santa Bárbara

3.1 Inauguración da “Aula Aberta á TecnoCiencia”.

O 30 de novembro inaugurouse formalmente o espazo da Aula Aberta á TecnoCiencia, primeiro espazo concibido de forma específica para realizar actividades de divulgación científica e tecnolóxica na Universidade de Vigo. Contouse coa presenza do Reitor e o Presidente do Consello Social da UVIGO, así como o Decano-Presidente e o Secretario do COIMNE e a Secretaria do COITMGA.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/escola-enxenaria-minas-enerxia-inaugura-primeiro-espazo-destinado-divulgacion-tecnocientifica-uvigo>

Agradécese ás persoas asistentes ao acto e de forma específica a Ana Larrañaga, Raquel Pérez, Benito Vázquez e Iago Pozo polas actividades desenvoltas no acto de inauguración.

O resto dos actos programados para este día tiveron lugar no vestíbulo da Escola e foron os seguintes:

3.2 Entrega de Premios do Concurso CONTOS-EME 2022

Trátase da primeira edición desde concurso e recibimos máis de 60 contos (36 relatos de 16 institutos e 15 relatos máis, de estudantado da UVIGO). Agradécese a colaboración do Xurado, formado por:

- María Adrián Estévez, alumna do Mestrado de Enxeñaría de Minas, en representación do colectivo estudantado
- Julio Fernández Cid, xefe de área de estudos de máster e doutoramento, en representación do PAS do centro
- Teresa Rivas Brea, profesora da área de Explotación de Minas, en representación do profesorado

- A experta en igualdade e profesora da área de Didáctica das ciencias experimentais, Azucena Arias Correa, representante en materia de igualdade
- O escritor vigués de recoñecido prestixio, Jose Ángel Gómez Iglesias (Defreds), en calidade de profesional.

As persoas gañadoras foron:

- Gañadora alumnado IES: Natalia Paz Peláez (IES La Salle), polo conto *“La implicación Ejemplar de Blanca”*
- Gañadora estudantado Universidade Vigo: Laura González Lemos(EET), polo conto *“Adiós verde (Adeus verde)”*
- Accésit: Pablo Rodríguez Reino (IES La Salle) e Héctor Santorum Ruíz (EME), polo seu conto *“Decisión”*.

Agradécese ás persoas participantes no concurso, o traballo realizado polo xurado e o traballo de coordinación e organización realizado por Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da EME.

3.3 Entrega de Premios do Concurso ENFOCA.RME 2022

Presentáronse 60 fotografías nesta edición. As persoas premiadas foron:

Categoría Xúnior:

1º Premio: Inés García coa súa obra: *“Dijo la gaviota: atrápame medusa”*

Categoría Sénior:

1º Premio: Javier Arcenillas coa súa obra *“Mina 03”*

2º Premio: Jose Manuel Maiquez coa súa obra *“Nocturno eólico”*.

O xurado do concurso estivo formado polas seguintes persoas:

- Pablo Eguía (representante profesorado GEE)
- Ignacio Pérez (representante profesorado GERME)
- María del Carmen Romo (representante PAS)
- Óscar Pereiro (representante alumnado Máster)
- Paula Vázquez (representante alumnado graos)
- Janite Lafuente (fotógrafo profesional).

Agradécese o labor do xurado, das persoas participantes e a Iago Pozo a coordinación e organización do concurso.

3.4 Presentación de “Materia Prima”

Eduardo Liz, Enlace das Persoas Egresadas da EME, presentou o primeiro número da revista *“Materia Prima”*, revista concibida para visibilizar a actividade profesional e laboral das persoas egresadas da nosa Escola. Agradécese ás persoas egresadas que colaboraron na revista, a Lorena Lorenzo e Paula Vázquez pola realización das entrevistas e a Eduardo Liz polo seu labor de coordinación e edición da revista.

3.5 Entrega dos Premios COIMNE

Entregáronse os Premios COIMNE (*Colegio de Ingenieros de Minas del Noroeste de España*) aos mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas desde os graos da EME. Entregou os Premios o Decano-Presidente do COIMNE Juan José Fernández Díaz. Cada premio supón unha dotación de 500 €. As persoas premiadas foron:

Mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Mina desde o Grao en Enxeñaría da Enerxía

Sergio Freiría Rial

Borja Barreiro Cal

Mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas desde o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Óscar Domínguez Bastos

Alejandro Peña Villasana.

Agradécese ao COIMNE a dotación destes premios.

3.6 Entrega dos Premios COITMGA

Entregáronse os Premios COITMGA (*Colexio de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia*) aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Entregou o Premio (dotación de 300 €) Luz María San Pelayo Pérez, Secretaria do COITMGA. As persoas premiadas foron:

Paulina Yuding Tomé López

Javier Jesús Sánchez Debasa.

Agradécese ao COITMGA a dotación destes premios.

4 Actividades de orientación académica e profesional

4.1 Actividades de formación extracurricular

O 9 de decembro impartíuse a conferencia “*Minaría subterránea na República Checa: exemplos e curiosidades*” a cargo do profesor Marian Marschalko, da Technická Univerzita Ostrava, República Checa, profesor que desfrutou dunha bolsa ERASMUS PDI durante 5 días.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

5 Internacional

5.1 Internacionalización

Do 22 ao 25/11/2022 Iago Pozo estivo en Siegen en representación da UVIGO participando no desenvolvemento do FabLab no marco de ATHENA Workshop

01/12/2022: Reunión de Iago Pozo coa vicerreitora de internacionalización e a directora da área de emprego para coordinación da tarefa 2.5 *Soft skills and research skills development* na que participa a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

6 Actividades de Divulgación

6.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante
27/11/2022	IES ROU	2ºBach	27	Elena Alonso
2/12/2022	IES Politécnico (Vigo)	2ºBach	32	Iago Pozo
13/12/2022	ES A Sangriña (A Guarda)	2ºBach	16	Francisco Deive

6.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
25/11/2022	IES A Basella (Vilanova de Arousa)	1º e 2º Bach	36	Xurxo Rigueira	Materiais intelixentes
28/11/2022	Colegio Vigo (Vigo).	1º Bach	20	Benito Vázquez	Física Recreativa
29/11/2022	CPR Santiago Apóstol (Soutomaíor)	Bach	50	Francisco Deive	Graos da EME
25/11/2022	IES Valadares (Vigo).	2º Bach	35	Elena Alonso	Muller e Enxeñaría

6.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Actividade
30/11/2022	Colegio Vigo (Vigo)	2º Bach	20	Ana Larrañaga e Iago Pozo	Combustión
13/12/2022	IES Beade (Vigo)	1º Bach	32	Benito Vázquez	Física Recreativa
13/12/2022	Máster universitario Máster en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de Idiomas			Benito Vázquez	Física Recreativa

6.4 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Alumnado	PDI participante	Lugar
14/12/2022	IES A Guía (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	15	Teresa Rivas e Laura Iglesias	IES

6.5 Programa STEMBach

O pasado 12 de decembro tivo lugar a sesión de presentación da EME para o desenvolvemento do programa STEMBach no IES Ollos Grandes de Lugo. Na sesión participaron a directora e Teresa Rivas, titora do proxecto *“Investigando a túa contorna física da man do patrimonio cultural”*, que é o proxecto que se presentou na sesión.

7 Recursos materiais e outras

7.1 Bolseiros/as da EME

Incorporouse a nova bolsa informática da EME do curso 2022/2023: Nuria de Castro Celard, que estará titorizada na súa formación por Francisco Deive.

7.2 Proposta espazo innovación

Estase a traballar coa EEI e a EET nunha iniciativa común para habilitar un espazo de Innovación (tipo FabLab) dotado con certo equipamento/material, que complemente ao xa dispoñible nos centros e que poida ser de uso común. O obxectivo é que o estudiantado das tres Escolas poida traballar neste espazo en proxectos coma os que se levan a cabo nos traballos de fin de titulación (TFG/TFM), en proxectos ou traballos de diferentes materias e tamén para que as asociacións estudantís poidan complementar os recursos que teñen nos seus laboratorios.

A iniciativa deste FabLab é un proxecto piloto que está sendo avaliado dende as tres Escolas, polo que coñecer o material máis axeitado, tratando de marcar unhas prioridades, axudaríanos a poder valorar a viabilidade do espazo necesario e tamén dos recursos. Enviarase un correo para consultar que material/equipamento considerades que sería interesante dispoñer no espazo, para que aplicacións podería ser usado e que o ordenedes de maior a menor prioridade.

8 Sistema Garantía Calidade

8.1 Enquisas de Avaliación Docente

O 30 novembro iniciouse o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 1º cuatrimestre do curso 2022-2023. O estudiantado recibirá un correo invitándolle a participar nas enquisas co enlace directo a aplicación. As enquisas realízanse dende a Secretaría virtual e o prazo é ata o 23 de decembro de 2022. Prégase difusión da mensaxe entre profesorado e alumnado do centro para fomentar a participación.

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

9 Procedementos académicos

9.1 Normativa avaliación e cualificación da UVIGO

Remítíronse, a través do sistema habilitado pola Vicerreitoría de Estudiantado e Emprego, suxestións á proposta de “*Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado*” ao título IX “*Da avaliación por compensación*”.

10 Seguimento titulacións

Realizáronse reunións de seguimento co alumnado de primeiro, segundo e terceiro do plano novo dos graos da EME os días 23, 24 e 28 de novembro. Participaron nas sesións:

Primeiro Curso: María Araújo e Francisco Deive (30 estudantes)

Segundo Curso: María Araújo, Francisco Deive e Pablo Eguía (5 estudantes)

Terceiro Curso: María Araújo, Francisco Deive e Pablo Eguía (16 estudantes).
Agradécese as persoas coordinadoras o seu labor co alumnado.

11 Procedementos administrativos

11.1 Elección representantes Xunta Escola

En relación ao procedemento para a elección de representantes (PDI-B, estudantes e PAS) na Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía infórmase da proclamación definitiva de candidatos nos diferentes sectores:

Sector: P.D.I. sen vinculación permanente

Apelidos	Nome	Dedicación
CONDE FONTENLA	MARCOS	TC
GIRÁLDEZ PÉREZ	EDUARDO	TC
MARTÍNEZ SÁNCHEZ	JOAQUÍN	TC
PÉREZ OROZCO	RAQUEL	TC
RICO FUENTES	JUAN JESÚS	TC

Sector: ALUMNADO

Apelidos	Nome	Titulación
CASAL BARREIRO	ALEJANDRO	GRAO EE 290
DOMÍNGUEZ BLANCO	SANTIAGO	GRAO ERME 310
MARCELINO RODA	LUIZ HENRIQUE	GRAO EE 291
OTERO ÁLVAREZ	ALEJANDRO	GRAO EE 291
PARENTE ARTIME	BELÉN	GRAO EE 290
SALGADO DÍAZ	MATEO	GRAO EE 291

Sector: PAS

Apelidos	Nome
GARCÍA CAUREL	JESÚS
MARCOTE PEREIRA	Mª MAYTE
MARTÍNEZ MARTÍN	Mª JOSÉ
ROMO PÉREZ	Mª DEL CARMEN

12 Próximas actividades

- Acto en memoria de Antón Couso (venres 16 decembro, ás 16:30)
- Olimpíada de Xeoloxía, 6 de febreiro



- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro)
- Foro Tecnolóxico de Emprego, marzo.